



Expte.: 187/2026

Asunto: Modificación puntual das bases reguladoras do desfile de comparsas de Entroido 2026

## RESOLUCIÓN DO 1º TENENTE DE ALCALDESA

### ANTECEDENTES

**Primeiro.**- Con data 14/01/2026 publicáronse as bases reguladoras do desfile de comparsas de Entroido 2026, establecendo, entre outros extremos, un límite máximo de 10 comparsas participantes.

**Segundo.**- O prazo de presentación de solicitudes permanece aberto ata o día 8 de febreiro de 2026.

**Terceiro.**- Durante o período de inscrición obsérvase que a maior parte das comparsas inscritas manifestan a súa dispoñibilidade para participar unicamente na xornada do sábado, sendo moi reducido o número de comparsas interesadas en participar nas dúas xornadas previstas, o que podería afectar negativamente ao desenvolvemento e interese do desfile previsto para o martes de Entroido.

**Cuarto.**- Co obxecto de fomentar unha maior participación e garantir un adecuado desenvolvemento do evento, considérase conveniente modificar a base relativa ao número máximo de comparsas participantes, ampliando dito límite.

**Quinto.**- Esta modificación non supón prexuízo algún para as comparsas xa inscritas, dado que:

- Non se alteran as contías económicas nin os criterios de asignación.
- Mantense o orzamento total da convocatoria.
- A participación dun maior número de comparsas non afecta aos dereitos das persoas interesadas xa inscritas.

En base das facultades conferidas na vixente lexislación,

### RESOLVO

**Primeiro.**- Modificar a base 10 das bases reguladoras do desfile de comparsas de Entroido 2026, relativa ao número máximo de comparsas participantes, nos seguintes termos:

Redacción anterior:

“Establécese un límite máximo de 10 comparsas participantes”.



Nova redacción:

“Establécese un límite máximo de 15 comparsas participantes”

**Segundo.**– Manter inalterado o resto do contido das bases reguladoras, que continúan vixentes en todos os seus termos.

**Terceiro.**– Establecer que a presente modificación será aplicable desde o día seguinte á súa publicación, sen prexuízo das solicitudes xa presentadas.

**Cuarto.**– Publicar o presente decreto polos mesmos medios empregados para a difusión das bases orixinais, para o seu xeral coñecemento.

Documento asinado electronicamente á marxe,

O 1º Tte. de Alcaldesa

(Decreto de Alcaldía núm. 2023-2084, do 19 de outubro de 2023)

